



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 6 de mayo 2019

A D.O. Ribeira Sacra presente en Fenavin, a feira nacional do viño que se celebra do 7 ao 9 de maio

Fenavin, a feira de referencia do viño español, celébrase do 7 ao 9 de maio en Ciudad Real. Este ano, a cita fai ás mulleres, máis que nunca, protagonistas na súa programación e prestarase especial atención a achegar o mundo do viño ao público movo.

A **D.O. Ribeira Sacra** estará presente na caseta da Xunta de Galicia, Pavillón 4, Osiris, rúa 7, stand 1. Ademais o **xoves, día 9, de 10.00 a 12.00 h.** a técnica do Consello Regulador de la D.O. Ribeira Sacra, Ruth Fernández, ofrecerá una **cata comentada** no stand de Caixabank. Nesta edición do certame estarán presentes, tamén, as seguintes **adegas da D.O. Ribeira Sacra con stand propio:**

- Adegas Ponte da Boga S. L.
- Alma das Donas
- Adegas Rectoral de Amandi S.A.U.
- Grupo Peago
- Dominio do Bibeí S. L.
- Regina Viarum S. L.
- Ronsel do Sil S. L.

A D.O. Ribeira Sacra tamén estará representada no **Túnel do Viño de Galicia** que organiza **AGACAL**, Axencia Galega de Calidade Diferenciada, con case 200 marcas comerciais das D.O. vitivinícolas galegas. Participarán no Túnel do Viño, ademais das adegas coexpositoras mencionadas, as adegas: Adegas Cachín, Don Bernardino, Tolo do Xisto e Spanish Wines by Carlos Rodríguez.

Despois de 9 edicións **Fenavin** converteuse na feira monográfica do viño máis importante de España cunha capacidade de negocio contrastada como instrumento para o impulso do negocio do sector vinícola nacional e internacional. A proxección internacional desta cita permite que a oferta vinícola española poida estar presente nos mercados máis importantes, acudindo compradores, distribuidores e outros especialistas do viño de diferentes países.

Fai menos dun mes a D.O. Ribeira Sacra promocionábase en **Gourmets** e despois de acudir a Ciudad Real, a seguinte cita coa promoción internacional levaraa a **Vinexpo Burdeos** do 13 ao 16 de maio.